

CG/ip

Asunto	Solicitud de informe sobre o estudo de impacto ambiental	Clave	PE/LU/007/21(1)
Proxecto	Parque eólico Maxal		
Espazo natural	Ningún		
Conca fluvial	Miño - Ulla		
Concello	Rodeiro (Pontevedra), Antas de Ulla e Taboada (Lugo)		
Provincia	Pontevedra - Lugo		
Solicitante	Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética, Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.	Ref.	202/0104
Promotor	Galenergy S.L.	Ref	

I. Antecedentes administrativos.

O proxecto indicado é unha solicitude de novo parque eólico presentada ao abeiro da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

O 19/05/2020 a Dirección Xeral de Enerxía e Minas remítenos un oficio no que solicita que o órgano ambiental elabore o documento de alcance do estudo de impacto ambiental, ao abeiro do artigo 34 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

O 2/9/2020, o órgano ambiental emitiu o documento de alcance previsto no artigo 34.5 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

O 29/9/2020 emitiuse informe desta Dirección xeral, que foi recibido posteriormente polo promotor tal e como consta no anexo K do EsIA.

Mediante nota do 16/02/2021, do Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética, Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, tivo entrada, na Dirección Xeral de Patrimonio Natural, de conformidade co establecido no artigo 37 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, a petición de informe relativo á seguinte documentación:



– “ESTUDIO DE IMPACTO AMBIENTAL PARQUE EÓLICO MAXAL”. Noviembre 2020

Especifícase que se solicita consulta para que, de acordo coas competencias desta dirección xeral, especialización ou ámbito de actuación, se lles informe en relación o inventario ambiental e as posibles afeccións do proxecto aos valores naturais do conxunto da zona, medidas a adoptar para a súa protección e conservación, efectos acumulativos ou sinérxicos con outros proxectos na zona, idoneidade das medidas protectoras e correctoras e o plan de vixilancia ambiental, así como sobre calquera outra cuestión que estimen oportuna no ámbito das nosas competencias.

Na súa elaboración tívose en consideración a información aportada coa solicitude remitida, así como as observacións formuladas polos Servizos de Patrimonio Natural de Lugo e Pontevedra, documentos subscritos o 09/06/2021 e 12/07/2021.

II. Resumo do proxecto.

O proxecto está localizado nos municipios de Antas de Ulla, Taboada, ambos os concellos na provincia de Lugo, e Rodeiro, provincia de Pontevedra.

A implantación proposta para o parque eólico Maxal consiste en 9 aeroxeradores Gamesa G145 de 4,5 MW de potencia unitaria. A potencia total a instalar será de 40,5 MW. Cada aeroxerador xera enerxía a 690 V, a cal se eleva a 30 kV no transformador de 5.000 kVA de potencia aparente que hai aloxado no interior da góndola. Os aeroxeradores conectaranse entre si a través dos correspondentes condutores enterrados e cabinas de entrada-saída de liña de forma que se constituirán diferentes liñas de xeración en 30 kV, as cales se tenderán soterradas en gabia ata a subestación do parque eólico 30/132 kV. Esta conectarase á rede de distribución mediante unha liña de alta tensión de 132 kV que a unirá coa subestación Belesar 132/220 kV, de Unión Fenosa Distribución. Esta liña de 18,9 km está, na actualidade, en fase de redacción do estudo de impacto ambiental.

O aeroxerador proposto para o parque eólico Maxal terá un rotor que constará de 3 pas, cun diámetro de 145 m, polo que a área de varrida será de 16.513 m². Constará dun xerador de velocidade variable de indución dobremente alimentado de potencia nominal 4.500 kW. As pas do aeroxerador terán unha lonxitude de 71 m e



serán de fibra de vidro reforzado con resina epoxy. A torre será de tipo tubular de 127,5 m de altura de buje, de aceiro e dividida en seccións unidas mediante bridas aparafusadas. A torre conta coas súas correspondentes plataformas, escaleiras de servizo, elevador, alumado de servizo e emerxencia, así como con bandexas para o paso do cableado de control e potencia. Aloxa na súa plataforma inferior os armarios de base de torre e UPS e a cela de media tensión, e na súa plataforma superior elementos que dan servizo aos equipos da góndola. A unión da cimentación coa torre realízase mediante virola embebida en formigón. Co ou fin de adecuar as instalacións proxectadas á contorna e ás condicións técnicas realizaranse unha serie de actuacións para optimizar a actividade como, accesos e camiños interiores, cimentacións, plataformas, gabias, movementos de terras, zona de provisión de materiais durante obra, etc.

III. Análise da documentación.

Examinada a documentación recibida e considerando a información achegada polos Servizos de Patrimonio Natural de Lugo e Pontevedra, de datas 09/06/2021 e 12/07/2021, realízase a seguinte análise:

1. O lugar onde se localiza o proxecto non ostenta ningunha figura de espazos naturais protexidos, das recollidas na Lei 5/2019, do 2 de agosto, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade de Galicia, e na Lei 42/2007, do 13 de decembro, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade.
2. De conformidade co artigo 75 da Lei 5/2019, do 2 de agosto, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade de Galicia, a zona de actuación non está comprendida dentro dos límites de ningunha área protexida por instrumentos internacionais.
3. A zona onde se desenvolve o proxecto non se atopa en ningún espazo que, neste momento, atópese en estudo na Dirección Xeral de Patrimonio Natural por reunir importantes valores ambientais.
4. Revisado o Inventario de humidais de Galicia (IHG), creado polo Decreto 127/2008, do 5 de xuño, polo que se desenvolve o réxime xurídico dos humidais



protexidos e se crea o Inventario de humidais de Galicia, obsérvase que, o desenvolvemento do proxecto, non afecta a ningunha das zonas húmidas recollidas no dito inventario.

5. O proxecto non afecta a áreas prioritarias para avifauna ameazada e/ou zonas de protección da avifauna contra liñas eléctricas de alta tensión, segundo o establecido na Resolución do 18 de outubro do 2021, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, pola que se actualiza a delimitación das áreas prioritarias de reprodución, de alimentación, de dispersión e de concentración local de aves incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas e se dispón a publicación das zonas de protección existentes na Comunidade autónoma de Galicia en que serán de aplicación medidas para a protección da avifauna contra a colisión e a electrocución en liñas eléctricas de alta tensión.
6. A actuación prevista atopase próxima aos seguintes ríos e regos:

Ríos/regos/encoros	
Rego das Veigas	Rego de Torreiros
Rego de Coto Rebordelo	Rego do Foxo
Rego de Lebesende	Rego de Cantelle
Rego de Casteda	Rego das Cortiñas
Río Ulla	Rego do Couto
Río de Santa Marina ou Achacan ou Pequeno	Rego do Az
Rego do Castrillón	Rego Rebordelo

7. De conformidade co Atlas de hábitats naturais e seminaturais de España (2005), realizado polo Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente (actual Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico), na zona de actuación localízanse teselas onde se identificaron os seguintes hábitats naturais de interese comunitario ou prioritarios:

Código UE	Prioritario	Denominación
4020	Si	Uceiras húmidas atlánticas de zonas mornas de <i>Erica ciliaris</i> e <i>Erica tetralix</i>
4030	Non	Uceiras secas europeas
4090	Non	Uceiras oromediterráneas endémicas con toxo
9230	Non	Carballeiras galaico-portuguesas con <i>Quercus robur</i> e <i>quercus pyrenaica</i>



8. No ámbito de actuación non están presentes árbores ou formacións incluídas no Decreto 67/2007, do 22 de marzo, polo que se regula o Catálogo galego de árbores senlleiras.
9. Segundo se deriva da información dispoñible na Dirección Xeral de Patrimonio Natural, as cuadrículas nas que se inclúe o ámbito de actuación do proxecto (UTM 10x10 29TNH93, 29TNH92, 29TNH83, 29TNH82), correspóndese coa área de distribución das seguintes especies protexidas, incluídas no Decreto 88/2007 do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas (CGEA):

❖ Fauna

Especie	CGEA
INVERTEBRADOS	
<i>Margaritifera margaritifera</i>	E
<i>Geomalacus maculosus</i>	V
ANFIBIOS	
<i>Rana iberica</i>	V
<i>Discoglossus galganoi</i>	V(2)
<i>Rana temporaria</i>	v
AVES	
<i>Milvus milvus</i>	E
<i>Gallinago gallinago</i>	E(1)
<i>Vanellus vanellus</i>	E(1)
<i>Circus cyaneus</i>	V
<i>Circus pygargus</i>	V
<i>Scolopax rusticola</i>	V(1)
MAMÍFEROS	
<i>Rhinolophus ferrumequinum</i>	V
<i>Rhinolophus hipposideros</i>	V
<i>Galemys pyrenaicus</i>	V
<i>Myotis myotis</i>	V

(E) En perigo de extinción.

(V) Vulnerable.

(1) Poboación nidificante.

(2) Poboacións insulares.

(3) Poboación do Cantábrico e Arco Ártabro: dende cabo Ortegal ata as illas Sisargas, Cantábrico: de cabo Ortegal ata o río Eo, incluído.

(4) Poboacións de baixa altitude da provincia da Coruña e poboacións de montaña da provincia de Ourense.

(5) spp. *schoeniculus*.



Non obstante, cabe salientar que os datos sinalados anteriormente están referidos a información asociada a unha cuadrícula 10x10 km, polo que unicamente proporciona unha primeira aproximación de cara á realización da análise. Segundo o “Atlas de aves reprodutoras” publicado polo MITECO en 2003, non é previsible atopar parellas nidificantes (*Vanellus vanellus*) na zona onde se localiza este proxecto⁴. O proxecto non está incluído dentro do ámbito de Plans de recuperación ou Conservación de especies protexidas.

10. A zona de actuación sitúase no ámbito de propostas técnicas de zonificación de plans de conservación/recuperación de especies ameazadas que se están elaborando na Dirección Xeral de Patrimonio Natural, das que se obtén a seguinte información:

Especie	Categoría	Zonificación
<i>Rana temporaria</i>	En Perigo	Área Presenza

11. Con respecto as observacións efectuadas polo Servizo de Patrimonio Natural de Lugo relacionadas cos valores naturais, salientáanse as seguintes, en base ao informe que o SPN de Lugo emitiu o 05.08.2020, onde indicábase o alcance e contidos específicos do EsIA no seu punto 4, sinalando as prescricións xerais e as prescricións específicas. O promotor non toma en consideración algunhas destas prescricións, por exemplo:

I. Prescricións xerais

❖ As actuacións proxectadas deben estar orientadas á conservación dos hábitats de interese comunitario e prioritarios e da fauna e flora protexida debendo, por extensión, evitar ou minimizar as tallas de frondosas autóctonas e evitar as afeccións á vexetación de ribeira e a zonas húmidas en xeral.

O promotor propón como medidas protectoras/correctoras de carácter específico:

- Cambiar a localización da gabiá na zona do rego Seixido para que non se produzan varios cruzamentos coa rede fluvial e para diminuír a afección á súa zona de servidume (apartado 10.2.2 da memoria do EsIA).



- Recolocar o AE MA06 para evitar a afección a un hábitat 9230 “Bosques galaico-portugueses con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica* ben conservados” (apartado 10.2.4 da memoria do EsIA) e porque na súa localización detectouse unha pequena charca (apartado 10.2.6 da memoria do EsIA).

Estas medidas deberían proxectarse na fase deseño e non ser consideradas medidas protectoras/correctoras.

Así mesmo, a vía de acceso ao AE MA02, tramo a acondicionar, proposta polo promotor atravesaría unha masa de frondosas e o rego das Veigas, e a vía de acceso ao AE MA04, atravesaría o nacemento dun afluente innominado do rego de Covas e afectaría a uns poucos pés de frondosas. Para evitar estas afeccións propónse unhas vías alternativas de acceso aos AE MA02 e MA04.

- ❖ Indicar o número de colexiado do equipo redactor.
- ❖ Inventarios baseados en traballos de campo dos factores ambientais onde se especifique a metodoloxía utilizada (forma, número e lugares de mostraxe, data/se hora/s de realización, persoa/s responsables, etc.).

No inventario de vexetación e hábitats non se especifica as datas e horas de realización, nin as persoas responsables, nin os criterios en que se baseou a mostraxe sobre o territorio nin se cuantifica o ancho da zona de influencia na que se estudaron os hábitats.

No inventario de fauna non se especifica as persoas responsables, nin as horas nas que se realizou os itinerarios de censo.

- ❖ Cartografía dixital en formato shape (.shp) para cada alternativa do proxecto
Non se achega a cartografía dixital en formato shape da alternativa non seleccionada (B).

Na cartografía dixital non consta a vexetación e os hábitats naturais inventariados.

- ❖ Aportar os perfís do terreo (transversais e lonxitudinais) e a cubicación dos movementos de terra para as vías de nova execución. Especificar



detalladamente as actuacións que se vaian a executar para as vías existentes a acondicionar.

- ❖ Detallar a/as técnica/s que se utilizará para cada cruzamento das obras civís coas augas continentais.
- ❖ Evitar discrepancias entre os datos aportados, así como os termos e expresións que dean lugar a indeterminacións.
- ❖ Non se pode avaliar se no deseño da liña de evacuación do parque eólico terase en conta a posible utilización de liñas eléctricas existentes (o promotor indica que a SET do PE Maxal 30/132 kV conectarase á rede de distribución mediante unha liña de alta tensión de 132 kV que a unirá coa SET Belesar 132/220 kV, de Unión Fenosa Distribución; esta liña de 18,9 km está, na actualidade, en fase de redacción do EsIA).

II. Prescricións específicas

- ❖ Obxecto e descrición do proxecto

Non se indica a superficie que ocupa a cimentación da torre de medición.

Non se indica a superficie de hábitats afectados pola zona de campamento de obra, provisións e punto limpo.

Non queda clara a localización e dimensións da zona de campamento de obra, provisións e punto limpo (ver apartado 3.III, deste epígrafe "Descrición do proxecto", deste informe).

No plano 3 "alternativa seleccionada", non están claramente diferenciadas (nin en cores nin en grafías) as gabias (13.473 m) e as gabias formigonadas (509 m).

Non se indica a vida útil do proxecto.

- ❖ Exame de alternativas do proxecto

Non se indica para a alternativa non seleccionada (B) as coordenadas UTM da posición dos AE, SET e TM.



No plano 2 “Alternativa A sobre ortoimagen” e no plano 2 “Alternativa B sobre ortoimagen” do EsIA só se sitúan os AE, a SET e a TM, non se representan as vías de acceso e interiores nin as gabias de cableado.

No shape aportado polo promotor só se cartografía a alternativa elixida (A).

No punto 6.2 (“Alternativas de proxecto”) da memoria do EsIA non se analiza para cada alternativa (A e B) do proxecto os seus efectos sobre os factores ambientais, en especial sobre: os hábitats naturais de interese comunitario e prioritarios, a vexetación de frondosas autóctonas, a flora e a fauna ameazada e a calidade das augas continentais.

A alternativa B proposta no EsIA non toma en consideración o documento de alcance e debería propoñer outra que si o tomase, xa que na figura 10 da memoria do EsIA obsérvase que a vía de acceso ao AE MA02 atravesa a carballeira e o rego de Lebesende e no informe sobre o documento de inicio emitido polo SPN de Lugo concluíase que “se evitará a afección á carballeira próxima ao AE MA02 por calquera infraestrutura do proxecto”.

❖ Inventario ambiental

Non se analiza nin a edafoloxía (si no documento de inicio) nin a erosión do solo (valóranse os impactos debidos a este factor).

Inventario de vexetación e hábitats naturais de interese comunitario e/ou prioritarios:

- Na cartografía (plano 1 “Hábitats” do anexo B do EsIA) non se representa ningunha tesela na zona onde se atopa o AE MA04 e aparece como queirogal seco un tramo da vía de acceso ao AE MA09 e da gabia de cableado que discorre por unha plantación duns 5 anos de *Castanea sativa*.
- Non se especifican os criterios para asignar as teselas, nin constan os datos da tesela 14 nin o estado de conservación actual dos HIC (4030 e 9230) -só se indica que “na área na que se van a implantar as instalacións existen formacións boscosas de *Quercus robur* ben conservadas”-.
- O promotor estima que a superficie ocupada polas infraestruturas do proxecto afecta a 1,77 ha de HIC 9230 “carballeiras galaico portuguesas



con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*” e a 7,81 ha de HIC 4030 “queirogais secos”. Así mesmo estima en 28,07 ha a superficie total afectada pola xestión da biomasa conforme á Lei 3/2007, do 9 de abril, que corresponden a zonas de carballos, afloramentos rochosos, matogueira, prados e repoboacións forestais.

Inventario de flora ameazada:

- O promotor indica que o *Narcissus pseudonarcissus* (incluída no CGEA na categoría “vulnerable”) é a única especie protexida ou ameazada potencialmente presente no ámbito de estudo e considera pouco probable que se vea afectada pola construción do PE ao estar ligada principalmente a ambientes higroturbosos e a beiras de arroyos.

Inventario de fauna:

- Só se inventarían aves e quirópteros. O inventario non estaba finalizado no momento de redacción do EsIA, polo tanto os resultados que se extraen non poden considerarse definitivos.
- No EsIA indícase o grado de protección legal de cada especie en base ao CNEA en lugar de ao CEEA.
- O EsIA non inclúe datos sólidos sobre a presenza de lobos na área de influencia do PE (punto 18 “Efecto barreira das infraestruturas” do Plan de xestión do lobo en Galicia), só a zonificación do Plan de xestión do lobo en Galicia (sinala a zona 1 do Plan como “densidade alta”, a zona 2 como “densidade media” e a zona 3 como “densidade baixa”).
- Non se delimitan zonas de paso ou rutas migratorias, nin áreas de campeo e aniñamento nin durmidoiros, nin áreas de alimentación entre outras (só 8 zonas de voo -plano 1 “Caracterización avifauna” do anexo C do EsIA-).
- Avifauna: o promotor detectou *Circus pygargus* (e indica a presenza potencial de *Circus cyaneus*, ambas en época estival e incluídas no CGEA na categoría “vulnerable”); ademais doutras seis especies de aves rapaces (*Buteo buteo*, *Circaetus gallicus*, *Falco tinnunculus*, *Milvus migrans*, *Pernis apivorus* e *Strix aluco*) e indica que as aves rapaces son o grupo sobre o que



a presenza do PE pode ter maior incidencia. Non cita como detectadas especies que avistou no documento de inicio (*Alauda arvensis*, *Anthus trivialis*, *Streptopelia turtur* e *Delichon urbicum*).

- Quirópteros: o promotor detectou *Pipistrellus pipistrellus* e *Nyctalus sp* (especies non incluídas no CGEA).

Espazos naturais protexidos:

- No EsIA indícase que “na área de implantación do PE proxectado non se localiza ningunha superficie pertencente á Rede Galega de Espazos Protexidos definida no artigo 10 da Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza (derrogada actualmente).
 - Non se indican as árbores ou formacións senlleiras.
 - O promotor sinala que a menos de 5 km da poligonal do PE Maxal localízanse unha ZEC (Monte Faro) e dúas zonas húmidas recollidas no IHG (A Charca e Lamas) e a menos de 15 km localízanse 4 ZEC (Monte Faro, Sobreirais do Arnego, Serra do Careón e Pena Veidosa) e 15 zonas húmidas recollidas no IHG (A Charca, Lamas; Rodeiro, Taboada, Veigas de Monte Faro, O Alto de San Roque, O Barreal, Ourín, encoro de Belesar; Graveira de Carneiro, Grumelez, Área recreativa Santiso-A Golada, Finca de Quintas, Lagoa de Quintas e encoro de Peares).
 - Así mesmo indica que a uns 450 m da poligonal localízase unha área prioritaria de aves (Resolución do 18 de setembro de 2018, da DXPN).
- ❖ Identificación e valoración de impactos

Só se valoran os impactos da alternativa elixida (o punto 4 do anexo VI da Lei 21/2013, do 9 de decembro exige a identificación e valoración de impactos, tanto na solución proposta como nas súas alternativas).

O promotor identifica os efectos ambientais usando terminoloxía da Lei 21/2013, do 9 de decembro, antes da súa modificación pola Lei 9/2018, do 5 de decembro (por exemplo: reversible, irreversible, recuperable, irrecuperable, periódico, irregular,...). Tamén se usa a terminoloxía de impacto aplicada aos efectos (por exemplo, efectos compatibles).



Non se xustifican os motivos polos que non se prevén impactos ou afeccións sobre certos factores (por exemplo: sobre a calidade do aire no mantemento do PE, sobre a xeomorfoloxía na fase de desmantelamento, sobre a calidade das augas nas fases de funcionamento e desmantelamento, etc).

Non se explicita a forma na que se executará a xestión da biomasa consonte o artigo 20 bis c) da Lei 3/2007, do 9 de abril, para evitar a alteración das especies protexidas e o deterioro significativo ou fragmentación dos hábitats (en varios apartados do anexo I do EsIA indica que afectará a un total de 28,07 ha asociadas a zonas de carballeiras, afloramentos rochosos, matogueira e repoboacións forestais e que realizárase de forma que se retiren as especies vexetais pirófitas, arbóreas e arbustivas, definidas na disposición adicional terceira da lei).

O promotor identifica en total 54 impactos significativos: 29 moderados (24 na fase de construción e 5 na de funcionamento) e 25 compatibles (16 na fase de construción, 6 na de funcionamento e 3 na de desmantelamento). Destacar os impactos moderados identificados na fase de construción sobre a hidroloxía e drenaxe (5), a calidade da auga (5), a flora (2), outros hábitats naturais de interese (1), a fauna -agás aves e quirópteros- (1) e as aves e quirópteros (1), e na fase de funcionamento sobre a fauna -agás aves e quirópteros- (1) e as aves e quirópteros (1).

Sinerxías:

- Existen diferencias entre o indicado polo promotor e a información que consta no Rexistro Eólico de Galicia na Web e no SPN de Lugo en canto ao número de PE e as súas infraestruturas que se atopan no radio de 5 e de 15 km da poligonal do PE Maxal (ver apartado 3.II deste informe).
- O promotor non estuda a perda de hábitat, nin o efecto barreira das infraestruturas nin a mortalidade de especies debida á presenza dos PE da contorna.
- O promotor só estuda a sinerxías para un radio de 15 km dende a poligonal do PE Maxal para o factor paisaxe (para os factores hidroloxía, hábitats,



fauna, espazos naturais protexidos e calidade sonora considera un radio de 5 km). Obsérvase que o número de PE e as súas infraestruturas, ZEC, zonas húmidas recollidas no IHG e zonas de protección de avifauna (Resolución do 18 de setembro de 2018, da DXPN) aumenta considerablemente ao aumentar o ámbito de estudo a un radio de 15 km dende a poligonal do PE Maxal.

❖ Medidas preventivas, correctoras e compensatorias

Non se describen os sistemas de disipación de enerxía nin os sistemas de contención de sedimentos

Proponse medidas de carácter específico que deberían proxectarse na fase deseño:

- cambiar a localización da gabia na zona do Rego Seixido (para que non se produzan varios cruzamentos coa rede fluvial e diminuír a afección á súa zona de servidume).
- recolocar o AE MA06 (para evitar a afección a un hábitat 9230 Bosques galaico-portugueses con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica* ben conservados e porque na súa localización detectouse unha pequena charca).

Non queda claro se se van a realizar tallas de árbores ou se sempre se van a realizar rozas:

- En medidas de carácter ambiental, sinalase, por unha banda, que “calquera tipo de eliminación ou corta da vexetación existente na zona de obras contará co pertinente permiso da administración competente” e, por outra, que “calquera tipo de eliminación ou corta da vexetación da área a revexetar será sempre mediante unha roza que facilite a revexetación natural”.
- En medidas de carácter específico, indícase que “procederáse á restauración da cuberta vexetal de todas as áreas afectadas polas obras, para o que se estableceron certas pautas: -reducirse ao mínimo indispensable a superficie afectada por rozas ou tallas [...]”



Plan de restauración.

- Tanto na fase de obra como na de desmantelamento indícase, por unha banda, que “se comprobará que o uso de especies vexetais para calquera plantación ou sementeira que se execute non estean consideradas como invasoras o prexudiciais” e, por outra, que o *Agrostis stolonífera* (especie utilizada na mestura de sementes para a sementeira e a hidromenteira) “é unha especie moi agresiva e invasora”.
 - Nos planos de restauración nas fases de obra e de desmantelamento só aparece a lenda “restauración” sen especificar que tipo de restauración (rozas, cortas de frondosas autóctonas, plantacións, sementeiras, hidromenteiras,...) vaise realizar en cada zona.
- ❖ Programa de vixilancia e seguimento ambiental

Agás no seguimento da avifauna na fase de explotación, non se establecen os indicadores para o seguimento das afeccións do PE aos diferentes subfactores ambientais nas fases de explotación e desmantelamento, nin a súa magnitude, unidade e limiar de alerta e/ou admisibles (só que se cumprirá a normativa vixente), tampouco a recollida de datos (metodoloxía, frecuencia, lugares de mostraxe, etc.) e a análise destes por persoal cualificado tecnicamente, nin as medidas correctoras a establecer no seu caso.

No seguimento avifauna na fase de explotación, non queda claro a frecuencia das visitas do seguimento da avifauna (por unha banda mensual nos tres primeiros anos e anual nos dous anos seguintes e por outra revisión quincenal dos AE para detectar colisións) nin a metodoloxía a empregar para a detección das colisións contra os AE.

Non se realiza unha avaliación e seguimento das afeccións da instalación eólica sobre a poboación de lobos; estrutura social, zonas de cría, uso do espazo, etc, conforme ao punto 18 (“Efecto barreira das infraestruturas”), apartado 5, do Decreto 297/208, do 30 de decembro.



Na fase de desmantelamento, propónse un seguimento sumamente xenérico (comprobar que os traballos realízanse consonte a normativa vixente e o plan de restauración).

12. Con respecto as observacións efectuadas polo Servizo de Patrimonio Natural de Pontevedra relacionadas cos valores naturais, salientáanse as seguintes modificacións que estiman necesarias para emendar as deficiencias que detectaron:

❖ Estudo e descrición do proxecto.

En base ao establecido no Plan Sectorial Eólico de Galicia, que indica que se debe tratar de utilizar ao máximo os trazados de pistas forestais existentes, xustifícase a necesidade de apertura dunha nova vía para o acceso ao aerogenerador MA01 e MA04.

Tal e como se requiría no informe da Dirección Xeral do Patrimonio Natural ao Documento de inicio, é necesario especificar o sistema de execución de gabias de cableado, determinando o sistema que se vai empregar para o cruce cos regos, así como presentar medidas concretas protectoras e de conservación para impedir arrastres de terra e lixiviación de materiais de obra e oleosos da maquinaria que podan afectar á vexetación de ribeira, á calidade das augas e á fauna acuática dos ecosistemas fluviais.

Deberá definirse a rede de faixas de xestión de biomasa segundo o establecido nos artigos 20 e 20bis da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, especificando as superficies afectadas, hábitats existentes e estado de conservación, así como os traballos necesarios para o mantemento de ditas faixas e a periodicidade dos mesmos. Nas zonas de xestión da biomasa seguirase como directriz básica a da intervención mínima, tanto de cortas como de podas, evitando a afección ás formacións arbóreas de frondosas autóctonas (para as que non son de aplicación as obrigas de xestión de biomasa, segundo a Disposición adicional terceira da Lei 3/2007), aos hábitats de interese comunitario arbóreos, xunto aos hábitats naturais prioritarios e zonas húmidas.



As accións necesarias na fase de construción deben programarse de xeito que se causen as mínimas molestias á fauna, con especial atención ás épocas de reprodución e migración.

❖ Análise de alternativas.

Os planos deben incluír a representación das alternativas propostas, na que figuren todas as infraestruturas e actuacións previstas para a instalación do parque eólico. Dita cartografía debe presentarse tamén en formato dixital (shp).

Deben especificarse os criterios (tales como orografía, rede hidrográfica, poboación, fauna, vexetación, etc) tidos en consideración á hora de definir as distintas alternativas e incluír a análise dos mesmos para cada unha delas. Tal e como requiría o informe da Dirección Xeral do Patrimonio Natural ao Documento de inicio, debería engadirse aos parámetros de estudo das alternativas a realización de estudos de ocupación do espazo por aves e morcegos e as súas liñas de voo.

O EsIA considera que o aeroxerador MA06 e as súas infraestruturas asociadas afectan a unha mancha de *Quercus robur* ben conservada e a unha charca, e propón a modificación da súa localización, o que se terá en consideración na análise das alternativas.

❖ Hidrografía.

En base á lexislación vixente e tendo en consideración o informe emitido pola Dirección Xeral do Patrimonio Natural ao Documento de inicio, debería xustificarse adecuadamente que a afección á rede hidrográfica e á súa vexetación de ribeira asociada é inevitable.

A superficie afectada debe desagregarse en DPH, zona de servidume e zona de policía, tendo en consideración todas as obras necesarias (incluído terrapléns, desmontes, etc).

Deberanse describir con detalle as obras necesarias nos cruces das infraestruturas coa rede hidrográfica e a maneira na que ditas zonas se verán



afectadas, así como o seu estado actual (vexetación existente, estrutura, estado de conservación, etc)

❖ Descrición e cartografía de hábitats.

O estudo da vexetación debe incluír unha descrición de cada un dos hábitats presentes (superficie, estrutura, composición, estado de conservación e superficie de cada un deles que vai a ser destruída ou alterada), un inventario das especies de especial interese (autóctonas, ameazadas, endémicas, as recollidas nos anexos II, IV, V e VI da Lei 42/2007, de 13 de decembro, ou aquelas outras cuxa área de distribución sexa moi limitada), a súa cuantificación e representación cartográfica a escala suficiente para a súa correcta avaliación. A cartografía dos hábitats deberá presentarse tamén en formato dixital (.shp).

Estudarase a posible presenza de *Narcissus pseudonarcissus* e do hábitat prioritario *4020 no ámbito do proxecto, que serán representados na cartografía, ou xustificarase a non existencia dos mesmos.

A descrición dos hábitats existentes debe avaliar a idoneidade dos mesmos para albergar fauna e flora, nas distintas alternativas propostas, incluída a alternativa 0. Defíniranse a intensidade dos inventarios e mostraxes realizados para determinar a estrutura e composición dos distintos hábitats.

❖ Fauna.

O inventario realizado deberá ser exhaustivo, estar apoiado en traballo de campo coa maior cobertura anual posible, garantir a obtención de datos fidedignos e apoiarse en metodoloxías axeitadas, que se definirán con detalle no EsIA. A metodoloxía empregada debe ser adecuada para repetirse na fase operacional do proxecto, como parte do Plan de vixilancia ambiental, co obxectivo de coñecer o impacto real do proxecto e determinar a área no que se produce un descenso da abundancia ou riqueza das especies.

Respecto á avifauna, delimitaranse as zonas de paso ou rutas migratorias, áreas de campeo e aniñamento e outros puntos de concentración (durmidoiros, vertedoiros, humidais, áreas de alimentación, etc). Os



resultados do traballo de campo deben presentarse de maneira que se identifiquen de maneira clara a relación de especies observadas e a abundancia de cada unha delas.

A localización de cada un dos aeroxeradores é especialmente importante á hora de determinar a mortaldade dun parque eólico. Por tal motivo, ademais de coñecer as especies presentes e o seu tamaño de poboación é necesario coñecer o uso de espazo que realizan nas proximidades da área de localización do parque (xa que o impacto sobre as diferentes especies diferirá dependendo do hábitat no que se pretenda instalar o parque eólico), a selección do hábitat das especies e outras condicións que determinen a forma de usar o espazo (topografía, correntes de aire, meteoroloxía, etc).

No que respecta ao uso do espazo por aves e quirópteros é necesario coñecer:

- Selección do hábitat das especies clave.
- Uso do espazo aéreo no entorno dos emprazamentos teóricos dos aeroxeradores (altura de voo, dirección, abundancia de aves e mapas de traxectorias na zona de implantación do parque eólico a escala 1: 25.000 ou 1: 5.000). As Directrices para la evaluación del impacto de los parques eólicos en aves y murciélagos (versión 3.0). SEO/BirdLife (2011) describen algunhas das metodoloxías que se poden empregar para acadar esta información e recomendan o uso de radares, xa que as observacións directas de ornitólogos expertos situados en puntos fixos apenas detectan o 20% das aves que recorren o terreo.
- Uso nocturno do espazo no entorno dos aeroxeradores.
- Corredores de voo das aves migratorias.

Incluirase tamén o estudo doutros grupos faunísticos potencialmente vulnerables ao proxecto (por efecto barreira, atropelos, colisións ou outros), en cada unha das fases do proxecto: anfibios, réptiles e outros mamíferos. Prestarase especial atención ás especies protexidas ou de especial interese potencialmente presentes na zona e ao estudo das poboacións de lobos, dado que a poligonal do parque localízase nunha zona de densidade media do lobo



ibérico segundo o Plan de xestión de lobo en Galicia (Decreto 297/2008, do 30 de setembro). Inclúranse datos sólidos sobre a presenza de lobos na área de influencia do parque eólico, zonas de cría, uso do espazo, etc (punto 18.5 do Plan de xestión do lobo en Galicia).

- ❖ Estudo comparativo da situación con e sen proxecto.

Débase incluír un estudo comparativo da situación ambiental actual coa derivada do proxecto, para cada alternativa examinada (Anexo VI Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental).

- ❖ Identificación e valoración de impactos.

Deberán detallarse as metodoloxías e procesos de cálculo utilizados na avaliación e valoración dos impactos. A cuantificación dos efectos significativos do proxecto sobre o medio ambiente consistirá na identificación e descrición, mediante datos medibles, de variacións previstas dos hábitats e das especies afectadas, como consecuencia da execución do proxecto. En particular mediranse as variacións previstas no pto 4c) do Anexo VI (Parte A) da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental.

A identificación e valoración de impactos debe realizarse para as distintas alternativas propostas, tal e como esixe a Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental.

No apartado de explicación de matrices deberán xustificarse os criterios considerados para determinar a importancia do impacto das accións consideradas.

Tal e como se requiría no Documento de alcance, será necesario analizar e avaliar os posibles efectos acumulativos ou sinérxicos con outros parques eólicos e determinarase a necesidade ou non de medidas protectoras ou correctoras ao respecto. Para este estudo, poden tomarse como referencia os contidos mínimos descritos nas Directrices para la evaluación del impacto de los parques eólicos en aves y murciélagos (versión 3.0). SEO/BirdLife. (2011):

- Xustificación dos elementos naturais tidos en conta na avaliacións e do ámbito de análise.



- Descrición dos proxectos considerados na análise e representación cartográfica
- Caracterización dos elementos naturais tidos en conta. No caso de especies e hábitats deberá describirse as características da súa bioloxía que os fan susceptibles de verse prexudicados polos proxectos estudados. No caso dos espazos deberán determinarse as especies e hábitats clave.
- Descrición dos elementos naturais considerados no ámbito da análise. Para as especies deberá describirse a poboación, selección do hábitat e dispoñibilidade do mesmo. Para os espazos, os obxectivos de conservación e a compatibilidade cos instrumentos de xestión, de existir.
- Descrición dos impactos (risco de colisión, alteración ou perda de hábitat, risco de predación, efectos sobre a conectividade das poboacións, etc) de cada un dos proxectos sobre cada un dos elementos.
- Medidas correctoras propostas.
- ❖ Medidas preventivas, correctoras e compensatorias.

Deberán describirse as medidas previstas para prever, corrixir e, no seu caso, compensar os efectos dos impactos máis significativos sobre o medio ambiente para as distintas alternativas.

Este apartado debe dar resposta, polo tanto, aos principais impactos identificados como moderados, severos ou críticos no apartado anterior.

Debe garantirse a non afección e conservación dos hábitats prioritarios, de existir, así como das especies de flora e fauna que gozan de maior protección legal (Decreto 88/2007 do 19 de abril, modificado polo Decreto 167/2011, do 4 de agosto; Real decreto 139/2011, do 4 de febreiro; anexos IV e V da Lei 42/2007, do 13 de decembro, como mínimo). En xeral cumpriranse as obrigas establecidas a este respecto nos artigos 89 e 93 da Lei 5/2019, do 2 de agosto, de patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, e extremaranse as precaucións para evitar que durante as obras se introduzan especies invasoras (artigo 88.5 da citada lei).

- ❖ Plan de seguimento e vixilancia ambiental.



O plan de seguimento e vixilancia ambiental terá como obxectivo realizar un seguimento dos impactos residuais e da efectividade das medidas correctoras. Neste plan deben definirse a frecuencia temporal dos traballos a realizar tanto durante a construción como durante a fase de explotación do parque (Plan Sectorial Eólico de Galicia. Ap. 4.5).

O plan de vixilancia e seguimento debe relacionarse coa avaliación de impactos realizada e coas medidas definidas para a súa prevención ou corrección no EsIA. Serán obxecto de control e incluíranse no programa de vixilancia ambiental as medidas correctoras que se considerasen necesarias no estudo de efectos acumulativos ou sinérxicos.

Tal e como se requiría no Documento de alcance, o programa de vixilancia e seguimento ambiental considerará, entre outros, o control da flora de interese e dos hábitats naturais de interese comunitario ou prioritario, das afeccións á avifauna e quirópteros, así como a outros grupos faunísticos por risco de atropelo ou efecto barreira (incluíndo controis de atrapamento e mortalidade nos foxos dos pasos dos pasos canadenses ou nas taxetas e outras estruturas de drenaxe). O programa debe permitir comprobar a eficacia e evolución de todas as medidas protectoras, correctoras ou compensatorias adoptadas. A proposta metodolóxica e de puntos de control, frecuencias, límites legais, limiares de alerta, etc, deberá estar debidamente documentada e xustificada en todos os casos.

Teranse en consideración as cuestións recollidas no Documento de alcance no caso concreto do plan de seguimento da avifauna e quirópteros.

IV. Conclusións.

Á vista dos antecedentes, da análise da documentación e das achegas efectuadas polos Servizos de Patrimonio Natural de Lugo e Pontevedra, infórmase que **non é posible determinar con total seguridade que non se vaian producir efectos negativos sobre os valores naturais.**

Suxírese en consecuencia que, para unha axeitada análise e avaliación:



- Corríxanse os defectos sinalados polos servizos de Patrimonio Natural de Lugo e Pontevedra e recolleitos nos números 11 e 12 do apartado anterior.
- En especial, debe subliñarse que non é suficiente un avance do estudo de aves e quirópteros, requiríndose que se presente o estudo terminado e que os seus resultados sexan aplicados no deseño das alternativas buscando a minimización do impacto sobre estes grupos faunísticos.

O presente informe emítese sobre a documentación achegada e sen prexuízo doutras comunicacións, autorizacións e/ou informes precisos debendo cumprir o establecido no resto da lexislación que lle sexa de aplicación. Calquera modificación do proxecto que teña algunha afección sobre o medio natural, requirirá o seu informe correspondente.

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente

O xefe do Servizo de Análise de
Proxectos, Plans e Programas

O subdirector xeral de Espazos Naturais

Carlos González Andrés

Tomás Fernández-Couto Juanas

